

VIERNES, 16 de noviembre de 2007

LUCES

## Tres novos títulos para a serie 'No país dos contos'

EL PAÍS | 16 NOV 2007

Archivado en: [Coleccionables](#) [Literatura juvenil](#) [Literatura infantil](#) [Literatura](#) [Prensa](#) [Medios comunicación](#) [Comunicación](#) [Cultura](#)

*No país dos contos*, a colección de libros infantís que promoven a edición galega de EL PAÍS e a Editorial Galaxia, ofrece tres novos títulos nos vindeiros días ao dispor dos lectores deste xornal. Mañá, co exemplar do periódico pódese adquirir ao prezo de 1 euro o volume *Mola que chova*, con texto e ilustracións de Renata Otero.

A serie continúa o vindeiro luns con *Puag, que noxo!*, un conto da galardoada escritora Fina Casalderrey. Este libro está ilustrado por Xan López Domínguez. O mércores, estará nos quioscos un relato doutro autor que conta con diversos premios na súa traxectoria, Xabier P. Docampo, *De cores e de amores*, escrito e ilustrado a medias con Xosé Cobas.

A colección *No país dos contos*, que chegou aos quioscos o pasado domingo, abrangue 22 títulos destinados aos máis cativos e impresos en cuatricomía e con tapa dura. Os libros véndense conxunta e inseparablamente con EL PAÍS tódolos luns, mércores e venres.